

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### BETANZOS

*Bases da convocatoria de bolsas para a adquisición de libros e material escolar. curso académico 2018/2019*

#### ANUNCIO

#### **BASES DA CONVOCATORIA DE BOLSAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS E MATERIAL ESCOLAR. CURSO ACADÉMICO 2018/2019**

Por Decreto da Alcaldía nº 1447/2018 do 17 de setembro de 2018, aprobáronse as bases da convocatoria de bolsas para adquisición de libros e material escolar. Curso académico 2018/2019. O prazo de presentación das solicitudes será de 15 días hábiles, contados a partir do día seguinte á data de publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, a través da “Base de Datos Nacional de Subvenciones”.

#### **BASES DA CONVOCATORIA DE BOLSAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS E MATERIAL ESCOLAR. CURSO ACADÉMICO 2018/2019**

#### **1.- OBXECTO E FINALIDADE**

Estas bases teñen por obxecto regular o procedemento para a concesión, polo concello de Betanzos, das axudas para a adquisición de libros e material escolar dirixidas a alumnos e alumnas do municipio matriculados/as en centros educativos da localidade nos que se impartan ensinanzas de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria.

A finalidade destas axudas é a de promover o principio de igualdade no exercicio do dereito á educación e de compensar ás familias con escasos recursos económicos para facer fronte aos gastos derivados da escolarización das/dos seus fillas/os, entendendo por tales a compra de libros e material escolar.

No concepto de libros e material escolar inclúese:

- Libros escolares
- Material funxible (bolígrafos, rotuladores, cadernos, carpetas, lápices, gomas de borrar, afilalapis, etc.)
- Material de debuxo
- Mochilas e estoxos

#### **2.- CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA DAS AXUDAS**

O orzamento das bolsas convocadas para o curso escolar 2018/2019 ascende á cantidade de 22.000 euros, con cargo á aplicación presupostaria 326.481.00.

Os importes das bolsas, segundo os tramos de renda per cápita mensual da unidade familiar, serán os seguintes:

Rendas de 0 a 286,26 €	100 €
Rendas de 286,27 a 339,51 €	90 €
Rendas de 339,52 a 392,76 €	80 €
Rendas de 392,77 a 412,38 €	70 €

#### **3.- PERSOAS BENEFICIARIAS E REQUISITOS**

Poderán solicitar estas bolsas os representantes legais -pai, nai, titor/a- das/dos menores que se encontren escolarizados nos centros públicos e concertados de ensino infantil, primaria e secundaria de Betanzos, que cumpran os seguintes requisitos:

-Estar empadroad/a no concello de Betanzos tanto o/a alumno/a como a persoa solicitante da axuda e convivir no mesmo domicilio.

-Estar matriculado o/a menor para o curso escolar correspondente á convocatoria nun centro educativo público ou concertado de educación infantil, primaria ou ESO da localidade.

- Que os ingresos económicos da unidade familiar non superen a renda máxima establecida nas bases.

- Presentar a solicitude e a documentación necesaria nos prazos estipulados.

-Non ser debedor da Facenda Municipal.

-Cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiario e coas obrigas que iso supón, tal e como se establece na Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

#### 4.- SOLICITUDES E PRAZO

As solicitudes das axudas poderán presentarse no Departamento de Servizos Sociais (Praza do Emigrante s/n,) de luns a venres en horario de 09:00 h a 14:00 h. e nos lugares previstos no artigo 16 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común.

O prazo de presentación será de 15 días hábiles, contados a partir do día seguinte da publicación do extracto da convocatoria no BOP, a través da “Base de Datos Nacional de Subvenciones”.

#### 5.- DOCUMENTACIÓN

Xunto coa solicitude achegarase a seguinte documentación:

- Fotocopia do D.N.I./ tarxeta de residente/pasaporte dos pais ou titores.

- Fotocopia do libro de familia, no seu defecto documento que acredite a unidade familiar.

- Fotocopia do Título de familia numerosa (se é o caso).

- Xustificantes de ingresos económicos: Fotocopia da declaración do IRPF de cada membro computable da unidade familiar ou, se é o caso, certificado emitido pola Axencia Tributaria relativos ao ano 2017.

- Copia do contrato de arrendamento da vivenda e do último recibo do pago de aluguer (se é o caso).

- Certificado da Oficina de Emprego que acredite a situación de demanda de emprego e se percibe ou non prestación ou subsidio.

- Fotocopia do certificado de discapacidade ou incapacidade nun grao igual ou superior ao 33% de ser alegada por algún membro da unidade familiar.

- Documentación acreditativa no caso de ser familia monoparental ou de ausencia de ambos os dous proxenitores: copia da sentenza de separación/divorcio, convenio regulador, resolución de medidas paterno-filiais, xustificante acollemento familiar, defunción, etc.

- Se procede, outros documentos que acrediten incidencias familiares graves que poidan ser puntuadas no baremo, tales como: violencia de xénero, cargas familiares, enfermidades crónicas/dependencia, etc

\* O empadramento e convivencia comprobarase de oficio.

\* As situacións de discapacidade, familia numerosa e desemprego que non sexan acreditadas documentalmente no momento da presentación da solicitude suporá a renuncia implícita a ser valorado na epígrafe correspondente do baremo.

#### 6.- CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

As axudas serán adxudicadas en función da puntuación obtida segundo a aplicación do seguinte baremo.

- Por cada membro da unidade familiar ..... 2 puntos

- Discapacidade dalgún membro da unidade familiar c/u ..... 2 puntos

- Pola condición de familia monoparental ..... 3 puntos

- Pola ausencia de ambos os dous membros parentais ..... 6 puntos

- Por familia numerosa ..... 3 puntos

- Por situación de desemprego dos proxenitores (1):

. Con subsidio c/u ..... 2 puntos

. Sen subsidio c/u ..... 4 puntos

- Outras circunstancias familiares debidamente acreditadas ..... ata 3 puntos

(1) Valorarase tal condición coa certificación de demanda de emprego con efectos do día anterior ao da publicación destas bases. No caso de familias monoparentais adxudicarase a puntuación do epígrafe correspondente computado por dous.

- Renda per cápita mensual:

. De 0 a 286,26 € .....	7 puntos
. De 286,27 a 339,51 € .....	5 puntos
. De 339,52 a 392,76 € .....	3 puntos
. De 392,77 a 412,38 € .....	1 puntos

\* Para os efectos destas bases, entenderase por renda per cápita mensual o resultado de dividir polo número de persoas que compoñen a unidade familiar de convivencia o cociente resultante de dividir por doce a suma dos ingresos anuais desta.

\* Entenderase por unidade familiar de convivencia a formada por pais, titores ou gardadores e fillos menores de 18 anos ou maiores desa idade cunha discapacidade igual ou superior ao 33%. A determinación dos membros da unidade familiar realizarase atendendo a situación existente no momento de presentación das solicitudes.

\* No caso de familias monoparentais, para os efectos do cálculo da renda per cápita, incrementarase nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar. Considerarase familia monoparental a constituída por un único proxenitor/a co que convive a/o filla/o e que constitúe o sustentador único da familia (pai/nai solteiro/a que non convivan e os cónxuxes en situación de separación, divorcio ou viuvez).

No caso de divorcio ou separación dos pais, non se considerará membro computable aquel que non conviva co causante. Sí terá a consideración de membro computable o novo cónxuxe ou persoa unida por análoga relación, e o seus ingresos serán incluídos dentro do cómputo da renda familiar.

\* No suposto de menores en acollemento, será de aplicación á familia de acollida as situación descritas anteriormente

\* A renda familiar obterase da suma dos ingresos de calquera natureza obtidos por cada un dos membros computables da unidade familiar. Para os devanditos efectos teranse en conta os ingresos correspondentes ao ano 2017 e tomarase como referencia a suma da base imponible xeral máis a base imponible do aforro do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Para as persoas que non fixeron a declaración de IRPF o cálculo dos ingresos obteranse dos datos reflectidos no certificado emitido pola Axencia Tributaria, sumando os rendementos netos.

\* Nos casos que proceda descontarase os gastos derivados do aluguer da vivenda ata un máximo de 250 € mensuais.

\* Aquelas solicitudes que presenten unha renda per cápita mensual superior á máxima establecida no baremo serán resoltas como denegadas.

As axudas serán adxudicadas ás familias que obteñan a maior puntuación ata esgotar orzamento asignado. En caso de igual puntuación terá preferencia a solicitude de renda per cápita máis baixa.

No caso de quedar bolsas vacantes, por perda da bolsa ou por renuncia voluntaria a esta dalgún adxudicatario, poderán ser outorgadas a aqueles solicitantes que lles foran denegadas por falta de crédito orzamentario por rigorosa orde de puntuación.

## 7.- TRAMITACIÓN E RESOLUCIÓN DAS SOLICITUDES

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, éstas serán valoradas polo persoal de servizos sociais conforme aos criterios establecidos no apartado anterior.

No caso de que a documentación achegada polos solicitantes impida a valoración do expediente por estar incompleta ou defectuosa, requirirase aos interesados para que no prazo de 10 días poidan presentala, con indicación de que de non facelo así se lles terá por desestimada a súa petición.

Seguidamente as solicitudes serán fiscalizadas pola intervención municipal e se procederá a súa resolución pola Alcaldía-Presidencia e á publicación no taboleiro de anuncios do Departamento de Servizos Sociais e na páxina web do concello da listaxe provisional de solicitudes, concedidas e denegadas, contra a que se poderán interpor reclamacións durante un prazo de dez días naturais.

Finalizado este prazo será aprobada e publicada a listaxe definitiva, coa que se entenden contestadas as reclamacións presentadas.

## 8.- PAGAMENTO DAS AXUDAS CONCEDIDAS

Os beneficiarios das axudas, previa presentación do DNI (ou documento que o substitúa), retirarán no departamento de servizos sociais do concello no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á exposición da listaxe definitiva, un vale nominal por importe da cantidade concedida, que poderá ser trocado en calquera librería da localidade exclusivamente a

efectos de adquisición de libros e/ou material escolar. De non retirar o vale no prazo sinalado, considérase decaído na súa solicitude.

Os vales non poderán ser fraccionados, é dicir, o importe total de cada vale só poderá ser utilizado nun establecemento.

Os vales emitidos terán validez unicamente para o presente curso escolar e poderán ser trocados ata o remate oficial do antedito curso.

Betanzos, 18 de xullo do 2017

A alcaldesa

María Barral Varela

2018/6917